

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS EMITIDO POLA INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (IXCA)

Ao Consello Reitor da Axencia Galega de Servizos Sociais (AGASS)

Denegación de opinión

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma (IXCA), a través da Oficina Galega de Auditoría e Control (OGAC) e en colaboración coa sociedade de auditoría Netadia Europa S.L.P, no uso das competencias que se lle atribúen no título V do Decreto Lexislativo 1/1999 polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e de acordo co previsto na disposición adicional da lei de orzamentos de Galicia relativa á remisión e control da información económico financeira da Comunidade Autónoma de Galicia, auditou as contas anuais da Axencia Galega de Servizos Sociais (en diante, AGASS), que comprenden o balance de situación a 31 de decembro de 2024, a conta de resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondentes ao exercicio anual pechado en dita data.

Non expresamos unha opinión sobre as contas anuais da axencia adxuntas. Debido ao efecto moi significativo das cuestións descritas na sección *Fundamento da denegación de opinión* do noso informe, non puidemos obter evidencia de auditoría que proporcione unha base suficiente e adecuada para expresar unha opinión de auditoría sobre estas contas anuais.

Fundamento da denegación de opinión

A axencia non dispón dun rexistro do inmovilizado material que detalle a composición dos activos fixos nunha base individualizada, distinguindo o custo, a actualización se a houbese, así como a amortización acumulada de cada elemento. Tampouco dispón da documentación soporte histórica que poderían servir de base para a confección e comprobación do devandito rexistro, así como para evidenciar a titularidade dos activos materiais correspondentes.

En consecuencia, non puidemos verificar con documentación soporte adecuada, os valores de custo e de amortización acumulada que configuran os elementos do epígrafe de "Inmovilizado material" no balance a 31 de decembro de 2024 por un valor neto contable de 6.413.200 euros, dos cales 5.616.096 euros corresponden á conta 221 Terrenos e Construcións; 318.917 euros á conta 226 de Mobiliario, e 478.187 euros á conta 223 Maquinarias e Ferramentas. Dos mesmos, as amortizacións acumuladas que figuran na conta Amortización acumulada doutro inmovilizado material (282) ascende a 387.402 euros.

En base ao anterior e relacionado ca conta de gastos correspondentes as dotacións para as amortizacións do epígrafe 68, a entidade non fixo constar ningunha das amortizacións anuais do inmovilizado que poderían servir de base para un incremento dos gastos, o que contravén o estipulado no Plan Xeral Contable aplicable no referido a súa situación





financeira, patrimonial e de resultados, de acordo cos principios contables xeralmente aceptados.

A maiores, non se dispuxo da información necesaria para poder verificar a axeitada desagregación na memoria das inmovilización materiais que figuran no apartado 9) Inmovilizacións materiais.

En consecuencia, non puidemos verificar con documentación soporte axeitada, os valores de custo e da amortización acumulada que configuran os elementos do epígrafe de "Inmovilizado material, no balance a 31 de decembro de 2024 por un valor neto contable de 6.413.200 euros. Así mesmo, puidemos comprobar que no exercicio 2023 e 2024 non se rexistrou a amortización dos inmovilizados.

A Axencia non recolle satisfactoriamente dentro da conta Aproveisionamentos para outras responsabilidades (142), o importe previsible correspondente aos litixios e continxencias postos de manifesto pola Asesoría Xurídica Xeral. O detalle é o que se recolle a continuación:

- Saldo de apertura e peche da conta Outras Responsabilidades: 13.069,00 €
- Cuantificación da suma de Riscos Posibles: 58.084,20 €.
- Diferencia Provisión outras responsabilidades (142) e Posibles Riscos: 45.015,20 €.

Como consecuencia dos feitos descritos, non puidemos determinar os axustes que poderían ser necesarios en relación co balance, nin en relación cos elementos integrantes do resultado económico patrimonial.

Cuestións chave da auditoría

As cuestións chave da auditoría son aquelas cuestións que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estes, e non expresamos unha opinión por separado sobre esas cuestións.

Ademáis das cuestións descritas na sección *Fundamento da denegación de opinión* determinamos que as cuestións que se describen a continuación son as cuestións clave da auditoría que se deben comunicar no noso informe.

1) Particularidades relacionadas co recoñecemento de acredores orzamentarios.

Identificación da cuestión:

Foi motivo entre outros da Denegación de opinión na auditoría de contas anuais do ano 2023.





Expresabamos que na data do informe non se dispuxera da composición individualizada nin da documentación soporte da totalidade das contas para pagar que se rexistrou non pasivo do balance, así como da antigüidade das mesmas. En consecuencia, non puidemos planificar procedementos de auditoría sobre a totalidade de dito saldo a 31 de decembro de 2023 e non puidemos avaliar a razoabilidade dos pasivos, incluídos baixo o epígrafe "Acredores" do pasivo corrente do balance, por un valor que ascendeu a 44.135,69 euros ao peche do exercicio. O saldo que presenta o grupo de contas no ano 2024 é de 502.708 euros.

Resposta do Auditor:

En resposta a dito risco significativo e entre os procedementos realizados, as probas consistiron no análise do Listado aplicacións nóminas de xullo e do Listado de aplicacións nómina de decembro, comprobando que as operacións contabilizadas corresponden ao importe das mesmas, tanto pola súa natureza como polo seu prezo. Nos mencionados listados detállanse os informes de aplicacións orzamentarias.

2) Particularidades relacionadas co recoñecemento dos debedores orzamentarios.

Identificación da cuestión:

Foi motivo entre outros da Denegación de opinión na auditoría na auditoría de contas anuais do ano 2023.

Expresabamos que na data do informe non se dispuxera da composición individualizada nin da documentación soporte de determinadas contas a cobrar que se rexistran no activo corrente do seu balance por importe de 1.810.409,53 euros, así como da antigüidade das mesmas. Daquela, non puidemos planificar procedementos de auditoría sobre dito saldo a 31 de decembro de 2023, non podendo avaliar a razoabilidade de dito saldo incluído baixo o epígrafe "Debedores" do activo corrente do balance. Asemade, non puidemos levar a cabo un análise que nos permita determinar a necesidade de rexistrar unha corrección por deterioro de valor dos mesmos.

A maiores e remitíndonos ao ano 2024, a Axencia ten saldos correspondentes a 1. Debedores orzamentarios (4300 a 43310) de clientes por importe de 4.205.432 euros, os cales se corresponden con Outros ingresos sen contraído previo; de liquidacións de contraído previo; de liquidacións de contraído previo e de liquidacións de contraído previo, cun saldo ó final de ano ascendente a 4.205.432 euros.

Resposta do auditor

En resposta a este risco significativo, o procedemento consistiu na realización dunha proba substantiva selectiva sobre unha mostra significativa mediante designación aleatoria, que tivo como obxecto, verificar a veracidade da cobrabilidade dos saldos. A mesma quedou reflexada nos papeis de traballo.





Obtivemos tamén detalle das contas e especialmente, no referido á conta 4302. Comunicóusenos que no programa XUMCO, consta un asiento contabilizado o 31.12.2018 por importe de 120.833,34 (debe) coa descrición: "axuste taxas conforme á devindicación proposta por auditoría-axuste taxas 2018 conforme devindicación".

O 31.12.2019 consta un asiento polo importe anterior no HABER, (descrición "desfacer axuste taxas 2018" e outro por 23.779,89 euros en DEBE (o último coa descrición "axuste taxa 2019"). Dende o ano 2020 ata a actualidade, no asiento de apertura consta esta conta co importe DEBE por 97.462,38 euros.

3) Particularidades relativas co gasto de persoal

Identificación da cuestión:

Foi motivo entre outros da Denegación de opinión na auditoría de contas anuais do ano 2023.

Expresabamos que a axencia dispón dun rexistro auxiliar dos gastos de persoal que serve de base para identificar, entre outros, os importes devindicados en concepto de soldos e salarios e custos de seguridade social xerados polas nóminas dos seus traballadores. Dado que existen diferenzas significativas entre o mencionado rexistro auxiliar e os saldos rexistrados en contabilidade financeira, que non foron conciliadas satisfactoriamente pola axencia, non puidemos verificar a razoabilidade do importe rexistrado baixo o epígrafe "Soldos, salarios e asimilados" da conta de resultados.

Tamén expresábase que da análise realizada sobre os saldos pendentes de pago coas Administracións Públicas, despréndese que existen diferenzas significativas nas débedas rexistradas coa Seguridade Social, coa contabilidade financeira, que non foron aclaradas por parte da Axencia, polo que non nos foi posible determinar a razoabilidade do saldo pendente de pago coa seguridade social incluído no epígrafe de "Administracións Públicas" do pasivo corrente do balance adxunto por importe de 151.211,97 euros.

No contexto da auditoría deste ano, considerouse relevante o gasto da conta "Gastos de Persoal (640 e 642)" por 14.770.837 euros, dentro da conta do resultado económico-patrimonial. Neste exercicio a axencia aumentou os seus gastos en relación cos do exercicio anterior (Anterior -13.668.475 €, e actual -14.770.837 €). A dirección da axencia proporcionounos información suficiente baseada nos informes de Aplicacións Orzamentarias de todo o ano que xustifica este aumento.

Resposta do auditor

Sobre o primeiro parágrafo obxecto da denegación da opinión, séguense dando no ano 2024 diferenzas entre o mencionado rexistro auxiliar e os saldos rexistrados en contabilidade financeira que non puidemos conciliar satisfactoriamente, non obstante, a cifra no presente exercicio non é significativa, xa que non excede o limiar do erro tolerable para que a partida sexa obxecto de verificación.





Ao respecto do segundo parágrafo referente aos saldos pendentes de pago coas Administracións Públicas, de onde se desprende que existen diferencias significativas nas débedas rexistradas ca Seguridade Social, coa contabilidade financeira, tamén séguese dando no 2024 diferencias entre o mencionado rexistro auxiliar e o xustificado para as probas seleccionadas. Estas diferencias tampouco exceden o limiar do erro tolerable polo cal consideramos non significativas aos efectos de ningunha salvedade.

No que respecta ao ano 2024, os nosos procedementos consistiron en verificar os controis relevantes das nóminas; en concreto os importes, rexistros, cotización, seguros sociais, e nun análise substantivo de mostras da conta de nóminas e seguridade social.

4) Particularidades relacionadas co recoñecemento de ingresos

Identificación da cuestión:

Dentro da área de Ingresos, especialmente, os procedentes da Comunidade Autónoma (contas 750 e 755 da conta de resultados) e o seu recoñecemento é un área significativa e susceptible de incorrección material, sobre todo no peche do exercicio en relación coa súa axeitada imputación temporal.. Neste ano, a cifra dos mesmos aumentou con respecto da do ano anterior (anterior 15.803.174 € y actual 17.230.819 €).

Resposta do auditor

Tendo en conta este extremos, entre os procedementos desenvolto, incluíse ao peche do exercicio rematado ao 31 de decembro de 2024, ademais doutros, a avaliación dos controis sobre o proceso de recoñecemento de ingresos, a obtención das transferencias e entregas, procedementos alternativos de comprobación mediante xustificantes de cobro posterior a documentación soporte xustificativa da prestación do servizos, comprobamos a imputación do ingreso no período apropiado.

5) Particularidades relacionadas cos "Gastos de servizos exteriores".

Identificación da cuestión:

A cifra do "Gastos de servizos exteriores", é unha partida relevante conta do resultado económico-patrimonial. Neste exercicio a axencia aumentou os seus gastos en relación co exercicio anterior (actual -2.432.553 €, y anterior -2.182.141). A dirección da axencia proporcionou información suficientes que xustifica a realización dos mesmos, non obstante, e como non se nos xustificou diversas probas significativas por un importe non relevante, consideramos polo tanto, que se trata dun área de risco de incorrección material significativo a ter en conta no futuro.

Resposta do auditor

Os nosos procedemento consistiron en verificar unha mostra ampla para cada conta de gastos producidos, verificando a exactitude das cifras na contabilidades financeira con respecto a contabilidade orzamentaria. Nesta desagregación, conciliamos as cantidades



desagregadas existentes na contabilidade orzamentaria, coa cifra global resumida existente na contabilidade financeira malia con algunhas diferencias non relevantes.

Outras cuestións

Colaboración na auditoría de auditores privados

A sociedade de auditoría Netadia Europa, S.L.P en virtude do contrato subscrito coa Consellería de Facenda e Administración Pública, a proposta da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, efectuou o traballo de auditoría referido no apartado primeiro. No devandito traballo aplicouse por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia o previsto na disposición adicional da lei de orzamentos de Galicia relativa á remisión e control da información económico financeira da Comunidade Autónoma de Galicia e nos pregos que regulan a contratación así como a Norma Técnica da IGAE sobre colaboración con auditores privados na realización de auditorías públicas do 30 de decembro do 2020.

A OGAC elaborou o presente informe sobre a base do traballo realizado pola firma Netadia Europa, S.L.P.

Responsabilidade do órgano de xestión da entidade na auditoría en relación coas contas anuais

O órgano de xestión é responsable de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación das contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais, o órgano de xestión é responsable da valoración da capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se o órgano de xestión ten a intención ou a obriga legal de liquidar a entidade ou de cesar nas súas operacións ou ben non exista outra alternativa realista.

Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais

A nosa responsabilidade é a realización da auditoría das contas anuais da axencia de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España e a emisión dun informe de auditoría. Con todo, debido á significatividade das cuestións descritas na sección *Fundamento da denegación de opinión* do noso informe, non puidemos obter evidencia de auditoría que proporcione unha base suficiente e adecuada para expresar unha opinión de auditoría sobre estas contas anuais.





Somos independentes da Axencia de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais en España, segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas de dito Sector Público.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura electrónica deste documento

A interventora xeral da Comunidade
Autónoma e director da OGAC

Almudena Chacón Pichel

O subdirector xeral da División de
Auditoría Pública e Control Financeiro da
OGAC

Pablo Leis Mol

